

A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium das Irmandades da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña ó mes, 40 cts. Fora trimestre, 1'50 ptas.
Coste d'un número, 15 > América id... 2 >

PAGO ADIANTADO

NUMERO 106

A CRUÑA 25 DE SANTOS DE 1919

Redacción e Administración:

PLAZA DE MARIA PITA, 17, BAIXO
(Irmandade da Fala)

O FONDO PROBLEMA DA EMIGRACION

Pensen os galegos d'acó e os d'América



Os gallegos non piden, emigran

Abria o noso azo a considerazón de vermos a moita xente moza qu'emigra da Galicia pr'a América. Quen non vos pense con seriedade n'isto que constitúe un grave problema, só de ruína galega merez o nome. A nós preocupáenos fordamente. A nós ráienos a i-alma.

Decatadevos ben. De momento a emigración pode ser benficioza pr'os que se van. Mais ó longo eses beneficios traquerán os maiores males.

Emigran os homes novos, fortes e audaces. Os que serían capaces de abalarren o país e modernizalo, incurso de xeito revolucionario; os que serían capaces de transformaren pol-a lei da necesidá o ambiente, e de trasmitiren por herdo suas boas cualidás naturaes.

Quedan os vellos, os debles, as mulleriñas i-os nenos. Quedan, dos fortes, samente os siñoritos que ou han entregárense ó burocratismo, ou ó absentismo, ou ó cañiquiño. Quedan os predispostos para xermolaren unha raza d'opresores, desleigada da terra e do traballo, galegos, e quedan os enclenques, que acostumados ó sometimento triste e á mansedume doente producirán só fillos sumisos e mansos...

N'estas condicións ¿cando ha deixar Galicia de sere colonia? ¿Cando ha deixar de sere un territorio con habitantes mais sen cidadáns, esprotado con desamore por xentes estrañas a nós?

Quizais se rediman da miseria os que agora emigran; quizais tamén seus fillos; mais os fillos dos seus fillos que han recoller o castigo que merecían seus abós por esquecemento de todo dereito e debere, maldecíranos con verdadeira xusticia.

Os emigrados, sen querelo, inconscientemente, son os Saturnos esnaquizadores dos seus propios fillos, son os que axudan a matál-a patria.

E samente poderían redimirse d'este pecado; samente poderían atoparen perdón, mditando moito sobr'os problemas galegos, e creando aquí, na Terra, escolas compretamente diferentes das que hasta agora veñen creando. Porque as d'agora son fomentadoras da emigración; son escolas que debe e ten que facer o Estado hespañol. E as que Galicia percisa dos emigrantes han ser escolas d'agricultura com'as de Bélxica, escolas que poñan en relación co'as riquezas esprotabres do país ós nenos ga-

legos. Escolas onde se chante nas almas infantís o amore á Terra i-á liberdade da terra, cotiánmente. Escolas onde se ensine canto poderá ser Galicia e canto tería sido xa—un dos pobos mais progresivos e ricos do mundo—se os galegos fixeran «o querere» pra tal «poderere».

Pro como Galicia dend'os Reises Católicos hasta o xurdimento dos nazionalistas autuaes, perdéuse por compreto todos foron a enterrala e asoballala, e os seus fillos, inconscientemente, escravizados pol-o centralismo, pior que os alleos ainda.

O problema da emigración, é un terrible problema. E'a nosa desgaleguización, a cáosa do noso atraso, da nosa escravitude, e tamén da nosa morte coma pobo, se os mesmos emigrados, primeiro que ninguén, non reitifican sua trabucada i-errónea conduta.

Son antipatrióticas, sen eles sabelo, as escolas que veñen fundando cheos de nobre intención; son tamén eles mesmos uns «primos» do Estado centralista pois lle dan feito o qu'él debe facere, e a nova Galicia, lonxe d'agradecerlles sen esforzo, coidáralo fatalmente anti-galego.

Da Irmandade da Fala

Inaugurazón das veladas

O próisimo domingo, inaugura a «Irmandade» da Cruña, no seus salós, a serie de veladas teatraes i-artísticas pra recreio dos socios.

A primeira ha ser moi amena. N'ela s'estrenarán duas obras: unha dramática e outra cómica. A dramática é unha traxedia granguñolesca—ningunha mais se ten feito ainda en galego—nomeada «Entre dous abismos». A cómica dos señores Charlón i-Hermida, do Ferrrol, se chama «O manciñeiro».

Ademais reprisarás o notabre pasatempo portugués «Unha anécdota».

Como A NOSA TERRA é o boletín oficial da «Irmandade», con estas liñas comunicaselles ós socios da mesma a inauguración das veladas, advertíndolles que se deseian invitacións poden recollelas na conserxería da sociedade, pra eles, suas familias e amigos a que nes queiran levar a dita festa.

VERSOS LIDOS EN COMPOSTELA

N'UN ÍNTIMO HOMENAXE A PORTEIRO

Como o día que te foche,
inda rinchan as cadeas,
inda a sombra cobre os ecos,
inda é escrava a nosa terra!

Como o día que caiche
envolveito na bandeira,
inda a besta centralista,
agunizante e maltreita,
co-a pouta arrapiñadora
espreme vilas e aldeas,
inda fames e asoballos
botan a lonxanas terras
corpos sans e brazos fortes
da mocidade galega....
Mais... ¡olla os loitadores
que no teu credo alentan!
¡Como dentón, varuda,
a Lexión fica ergueita!

Inda os lobos do teu tempo
morden nas mansas ovellas,
funga a tralla do caeique
sóbor das costas labregas
e a Xusticia pon a espada
nas mans de quen máis lle deia.
Como o día que te foche,
inda é escrava a nosa Terra....
Mais... ¡olla os lexionarios
orredor da bandeira!
¡Están todos y-a unha!
¡A Lexión fica ergueita!

¡Inda os bos e xenerosos
teñen a lámpara acesa,
enroxeca agras e montes
a craridá da fogueira
e zoan no vento as túas
loitadoras, fortes verbas!
¡Non morreche! ¡Estás cón nosco!
¡A Lexión fica enteira!

R. CABANILLAS.

Entre paréntesis

Verbas mortas

Houbo un momento no que chamarse un rexionalista inda significaba algo. Foi nos tempos de Alfredo Brañas i-até a constitución das «Irmandades». Logo o rexionalismo ficou n'unha verba coase valeira. Hoxe xa sabedes que son rexionalistas tódol-ós hespañoes, e por decontado tódol-ós galegos, incluso Bugallal e Riestra. Rexionalismo, pois, é agora verba morta se non leva aparelhado o adxetivo «integral». E un rexionalismo d'este xeito xa pode recibir o nome de nacionalismo. No das descentralizacións administrativas meirandes ou mais pequenas, nengún galego deixa de coincidir. E isto non é nada.

Pois o mesmo ocorre con outra verba: a verba galleguismo. Coidamos tere sido nós quenes primeiro puxmol-a en circulación. Foi a pouco de se habere

Na Louríña (Porriño).

Sombra do estinto irmán que alu-
[miente,

como unha linda estrela nouturnal,
mostras no céo d'esta Patria meiga
unha senda d'amor e libértá;
tí ben ves unha terra ribeirana
esquiva e montañosa que, sin paz
nin acougo, sostense en loita fera
contra dos tombos do xigante mar.

Ten brétemas i-escumas
e inxentes penedáas,
regatos fondos, carbaliños tortos
i-o tráxico balbor do piñeiral;
pero froles pomposas e louzanas
alí n-as hai,

que son todas homildes e silvestres
vivindo ceibas a carón do chan.

Hai corazóns valentes e leiales
que abalan ao compás
d'esas grandes arelas que son lume
d'un ideal,

i-hai bágoas que reloce coma dóas
e son xoias eternas d'amistá.

Sombra do estinto irmán; d'aquela te-
[rra,

indino embaixador,
a ofrendarte hoxe veño o que alí temos
de mais nobre e mais bó:

Unha frol, unha bágoa i-un batido
do corazón.

GONZALO LOPEZ ABENTE.

creado as «Irmandades». Galleguismo
d'aquela significaba igoal que nacionalis-
mo.

Mais ista verba xa oxe pra nós fica
tamén valeira e morta. Non hai poli-
tiquiño dos da nosa Terra, nin xornal
caciñil que se non chame galleguista.
¡Todos galleguistas...!

Cando nós escrevimos por vez pri-
meira aquela verba, pensamos: com'o
de nazonalismo asusta a moitos ainda,
en troques de nazonalismo digamos al-
gunhas veces galleguismo. E a cousa te-
rá de ser igoal no fondo. En Cataluña
hai catalás—cantos nasceron n'aquela
terra—e hai tamén catalanistas. Cata-
lanista quer dicir nacionalista; pois
inventemos a verba galleguista co'a
mesma equivalenza pr'ós galegos parti-
darios da autonomía integral con tód-
as súas consecuencias.

Mais xa fica dito que agora acó nin-
guén deixa de chamarse galleguista. Re-
xionalismo e galleguismo, pois, pra nós
dende esto carecen de valore. Son ver-

bas mortas e fan fallá verbas vivas.
Son verbas pr'ós que dín moi ocos es-
tas parvadas de comedia: «El regionalis-
mo bien entendido», «el regionalis-
mo sano», «el regionalismo práctico...»

Frases ridículas que tanto nos fan es-
cachar de risa ós nazonalistas.

A. VILLAR PONTE.

FOLLAS NOVAS

Noso distinto irmao, o culto e nota-
bre polígrafo don Francisco Tettaman-
cy, que, coma poucos ten aportado ma-
terias valiosísimas pr'a Estoria de
Galicia, en libros seus que moito s'es-
timan nas bibliotecas, anuncia a prói-
sima publicación d'un novo volume in-
teresante: «A Torre d'Hércules».

Trátase, ó parecer, d'un estudio
compreto e admirabre do moimental
faro cruñés que ha ser acollido con en-
tusiasmo pol-ós que s'adican a cousas
d'estoria.

Nós damos tan boa nova cheios de
ledicia. Homes com'o señor Tettaman-
cy son merecentes de tódal-as gabanzas.

«Pra vivir ben de casados», noméase
un pasatempo cómico n'un acto, que
acaba de se publicare. Autor do mes-
mo é o señor Carré Alvarellos (Lean-
dro), que xa ten dado mais obras ó tea-
tro galego.

Este pasatempo está ben escrito e ten
gracia. Ademais, coma de pouco custe,
háse vender moito.

Nosa embora ó autore.

Pedro Fraga de Porto, un mozo dos
de maior valimento entr'a nova intelec-
tualidade galega, publicou n'un volúme
os trechos mais interesantes das obras
de Conceución Arenal, pónolles un
prólogo dino da sua pruma. Asin aquel
bó amigo, quixo rendirl'unha oferenda
á inequescente pensadora ferrolán
no vispera do primeiro centenario do
seu natal.

Pedro Fraga de Porto fixo unha es-
colma escrupulosa dos mais importantes
pensamentos da xenial autora do
«Visador do preso». E isa escolma,
que ha figurar en tódal-as bibliotecas,
resulta o millor idearium das doutri-
nas da señora Arenal.

Fraga de Porto, merez a nosa gaban-
za mais sinceira. Dounos un libro útil,
gracias ó que a persoa da insine
ferrolana conquerirá tod'a populari-
dá que convén teña. Pois hastra agora
micos ó falar da sua obra, facíannos
sen conecela.

Se queren os cuneiros facerese o ferrocarril da Costa

E o d'agora un momento crítico pra Xunta Permanente do Ferrol que traballa pol-o ferrocarril da Costa. Un momento cheo de responsabilidade pra ela e pr'os cuneiros representantes de Galicia nas Cortes.

Se esa Xunta traballa con xeito, o ferrocarril tan arelado faceráse axiña. S'é unha de tantas Xuntas sen valor cívico e sen senso común, suxeta ós caciques, entón teremos d'esecrala.

Unha empresa norteamericán, a «Loyal Trading Company» ofreceu se áquela Xunta pra facer as xestións precisas ó fin de colleitar nos Estados Unidos cartos d'abondo destinados á construción da dita liña de ferro e de tod'o material fixo e móvile que require a mesma. Só eisixe, en troques, que o Estado hespañol garantícelle o intrés d'un cinco por cento ó capital que teña de ser empregado, como se ven facendo xa c'os ferrocarrís secundarios.

A Xunta do Ferrol, pois, ten que conquerire sinxelamente que os deputados galegos, de xeito urxente, agora que o Palramento acaba de abrírese, ergan a sua voz pra dicir-lle ó Goberno: «Inda que de moito custe o ferrocarril da Costa, hai Empresas extranxeiras que o coñecían bõ negocio, canto aquí falábase de que o non era. Se o Estado, pois, non'o fai pol-a sua conta, ten de apricar-lle a lei que rixe pr'os camiños de ferro secundarios, cousa ben doada e sen perxuicios pr'o Tesouro—xa que a segunda subasta demostrou que o capital hespañol negase a ire a él—e autorizar á «Loyal Trading» pra construílo. Pol-o ben d'Hespaña (nengún ferrocarril mais patriótico que o da Costa) e por sere xa intolerable que no século XX Asturias e Galicia carezan d'unha comunicación moderna entr'elas e Francia e Portugal, aquela obra debe facerse urxentemente, i-esiximos dita autorización das Cortes, que non poden sere com'o can do hortelano».

Se a Xunta Permanente non consegue isto; se os deputados non lo gran impór dito criterio no Palramento, a responsabilidade d'unha e dos outros ficará de releve pra sempre.

E se os pobos interesados no pleito non renegan entón de todos, negándolles o sal e mail-a auga, haberá dereito a chamar-lles carneiros i-escravos dinos do desprezo xeral.

Logo non valerán disculpas dos xornaes caciquís.

CONTOS ESCOLLIDOS

POR MOR MOR D'EVA

Adán i-Eva, xa foran botados do Paradiso. Adán tiña que gañal-o pan, suando feramente. Eva, tiña d'abondo c'os labores i-o trafego da casa.

Un anxo veu anunciar-lles que o Signore, doído dos sufrimento da famosa parella, quería visital-os.

Eva, arregrou ben a chouza, vistéuse a millor faldra e púxolle ó seu home unha casaquiña de follas de figueira que lle tiña feito pr'os domingos. Mais os fillos...! Eran vinte ou trinta, ¡o demo d'eles! Uns cós ollos pitafosos, outros c'o nariz cheo de bostelas, outros c'o corpo emporcallado.

—Como amostró eu esta rillotería —pensou Eva—. O Signore dicirá que son unha descoidada, unha nai ruíña.

Despois de moitas dúbidas escolleu os perferidos; lavou os tres mais galanos e a cachetes levou hastr'á corte do gando a todo aquel rebaño tristeiro e porco, pechándoo alí pesi-ós berros que ceibaba.

Xa era hora. Unha brétema branquísima e lumiosa descía pol-o hourizonte e o espazo latexaba con balbordo de aás e a melodía d'un coro que esvaíase no infinito, ripitando místicamente: *Hossana, hossana...*!

Primeiro chegou un feixe de arcánxes. Envainaron as espadas de fogo, dirixíronlle unhos piropiños a Eva, que abofellas estaba inda de bõ ver, e logo con marcial xeito espaxéronse pol-os campos, rubindo ás figueiras, mentres Adán arrenegaba pr'ó seu chaleque, dando por perdida a colleita, que tantos suores lle custaba.

Despois chegou El Señore: as barbas d'escintilante prata e na cabeza un triángulo que brillaba com'o sol. Trás ela, San Miguel e tódol-os ministros e alts carregos da Corte celestial.

Acarinou El Señore a Adán c'unha doce sorriso, e a Eva petoulle co'a man na barba, dicíndolle:

—¡Hola, boa peza! ¡Xa non és tan laxeira de cascós?

Emocionados por aquela amabilidade os esposos, ofrecerónl'al Señor unha cadeira dita do despacho d'unha reitoral.

El Señor sentóuse moi a gosto, escoitando a Adán que lle falaba dos seus negocios e do moito caro que lle custaba gañar o sustento pra muller e mail-os fillos.

—Ben, moi ben—dicia—Isto ch'ensinará a non aceites os consellos da tua muller. ¡Coidabas que todo ía sere a sôpa boba do Paradiso? Rabéa, meu fillo, traballa e suda a feito; asín de-

prenderás a non atrevéreste c'os teus maiores.

Mais El Señor, arrependido da sua dureza, añaíu con doces verbas:

—O feito ,feito ch'está, e a miña maldición ten de se comprir. Eu só teño unha palabra. Mais xa que vin a vosa chouza, non quero saír d'ela sen dexarvos unha lembranza da miña bondade. Ven acá, Eva, traím'os teus fillos.

Os tres rillotes puñéronse xuntos diante do Topoderoso, qu'ensaminóunos un momentíño.

—Ti—díxoll'ó primeiro, un gordiflón moi serio que escoitábao c'o sobrecexo angurrado e un dedo no fuciño—, ti, has ser e encarregado de xuzgar ós teus somellantes. Fabricarás a lei, dicirás o qu'é deilto, e someterás todol-os delicoentes a unha mesma regra, qu'é coma se a tódol-os doentes curásennos co'a mesma menciña.

Despois sinalou ó outro, un mouríño inqueda, sempre c'un pau na man pra arrear-lles ós irmaos.

—Ti has ser un guerreiro, un caudillo. Levarás trás ti ós homes coma o rebaño que vai ó matadeiro, que, pesi-a isto, aclamaráte cal se foses un semideus. Se os outros matán, serán criminaes; se ti matas, serás héroe.

Meditou El Señor un anaquiño, e dirixíuse ó terceiro:

—Ti, acapararás as riquezas do mundo, has sere comerciante, mercadeiro, emprestarás cartos ós reises tratándoo coma igoaes, e se arruinaes tod'un pobo, o mundo admirará tua habilidade.

O probe Adán choraba de gratitude, namentras Eva, inqueda e trémosa, intentaba falar algo, sen atrevérese a elo. No seu corazón de nai zoaba o remorso: lembrábase dos probiños pechados na corte do gando que ían ficare sen entrar no reparto de mercés.

—Vou mostrar-llos—rosmáballe pol-o baixo ó seu home.

E éste, tímido, petando c'o seu códebo no d'ela, opoñíase, mormulando:

—Tería de ser grande atrevimento. Encabuxarás El Señor.

No intre, o arcanxe Miguel que vñera de mal xeito á chouza d'aqueles réprobos, dáballle presa ó seu amo:

—Señor, que xa é tarde.

El Señor erguéuse, i-a escolta d'arcánxes, baixando das árbores acudiu súpetamente pra presentar armas á saída.

Eva, c'o pulo do remorso, correu á corte, abrindo a porta.

—Señor, que inda fican mais. Algo pra estes probiños.

O Topoderoso ollou con estraneza aquela tropa porca de rillotes que s'acochaba no estrume, com'un montón de vermes.

—Nada me resta de dare—dixo—Seus irmaos leváronno todo. Xa pensarei, muller; xa veremos mais adiante.

San Miguel arredaba a Eva pra que non lle dese mais molestias ó amo, pro ela, alongaba o prego:

—Algo, Señore; daille calquera cousa. ¿Qué han facer estes probes no mundo?

El Señor, deseñaba fuxir, e fuxíu.

—Xa teñen destino—díxoll'a nai—. Eses encarreráranse de serviren e manteren ós outros.

¡Malpocado! D'aqueles infelices que a condanadiña d'Eva escondeu na corte, descendemos nosoutros os que vivimos dobregados sobr'a Terra.

V. B. L.

Ten razón o centralismo...

¿Non pidichedes, co'a pidichoneiría de mendigos tan propia dos galeguíños do vello réxime e de vella e caduca mentalidade, que o Goberno central colaborase no centenario de Concepción Arenal?

Pois o Goberno, se colabora, fai ben de 'xar'os galegos fora do «choyo».

¿Qué fixo ou vai facer Galicia por Concepción Arenal? Houbo un Congreso penitenciario na Cruña, porque xentes de fora lembráronse de que a xenial pensadora nacera n'esta Terra.

Entón contouse c'os cartos do Estado; agora, quere contar tamén, xa que os galeguíños festexeiros non ceiban unha cadela.

Pois se os galegos non teñen o xesto de se poñeren por diante c'o seu diñeiro pra honrar a Concepción Arenal, o Goberno está no seu dereito de facelo reformatorio e canto mais se l'ocorra, onde lle pete.

Si sen o Goberno centralista non sabemos ire a nengunha parte, o Goberno tómanos pol-o que somos: por eternos menores d'idade.

Prégase a todol-os suscriptores que non reciban o noso boletín manden a queixa ao adeministrador pra facer a reclamación no correo.

Prégase asimesmo aos que teñen a suscripción en descuberto, remitan o importe pol-o xiro postal.

PENEIRANDO

E dalle Marica ó agardelo...

Pasa calquer cousa na Cruña e de camiño os xornaes cruñeses a falaren de Vigo.

Que se Vigo fai, que se Vigo desfai.

Ocorre o da Escola de Comercio—qu'è unha vergoña, do Estado e da Diputación—, e xa a sacalo Cristo de s'en Vigo téñese conquerido unha Escola peccial de Comercio.

Fala un xornal vigués do esquecemento e que alén atópase o pleito da zona franca, i-entón é cando outro xornal cruñés se lembra de que acó tamén pideuse a mesma zona.

Vigo, d'este xeito, resulta pra eses xornalistas ridícolos, o coco da Cruña.

E hai que acabar d'unha vez con somellantes parvadas.

Que non siga sendo, por mor d'algús, a Cruña mona d'imitación...

Ten a Cruña unhos representantes nas Cortes, que, merecen miles de gabanças.

Dend'algús anos á data non conqueriron millora de nengún xeito. O que se di nengunha.

¿Lembrádesvos do Observatorio astronómico? Pois inda no hai trazas de que se faiga. Logo de tantas promesas e bobos pr'os caciques cuneiros.

E conta que os cartos percisos pr' aquela obra son poucos.

Pois o da Escola de peritos agrícolas tamén resulta vergoñoso d'abondo.

Cousa tan xusta, que xa se ten aprobado—o mesmo que o do Observatorio— e inda sen estabrecérese...

Si cousas tan miudas e insignificantes non conquiren tres deputados—que tres eran tres os cuneiros da circunscripción da Cruña—que ha conquerire un diputado de vila pequena?

E os pobos na horta. Da noxo tanta mansedume.

Lacierva e Romanones din que s'entenden...

Mestre, fala de que no ministerio d'Abastos fánse negocios porcos.

As «gacetas» de García Prieto, comunican a intresante nova de que Manolín non poido ir ó Palramento, porque ten unha filla a parire.

Algús senadores acusaron a Lacierva de ter nas segredarías da Alta Cámara a sobriños do seu.

O azúcar, artigo de primeira necesidá, está pol-as rubes, dende qu'è xefe do Goberno o presidente da Azucareira hespañola.

Os ovos esraseizan, e andan carísimos. Agora decantámanos da caosa de qu'es-te réxime apodrecido e noxento, siga en queito!

Bugallal, non reitifica a sua R. O. sobre os consueiros

E os deputados galegos só erguen o bastón pra defenderen—¡oh Viguri!— ós acusados de facer negocios porcos.

E Bugallal rise de todol-os comités e de todol-os mitís e de todal-as protestas.

E poderá volver a caciquear en Galicia tranquilamente.

O que foi edificio do Concello da Cruña, xa é propiedá do Estado. Xa sirve, cando cadra, de coartel par'a guardia civil.

E a Cruña non trata de recobrar aquel edificio. Nengún orgaiza ós cruñeses para faceren unha rexa cruzada que deia por resultado a restitución deles do vello pazo de San Agustín.

¿Non era lugar adrede pr'a instalación do proyeutado Museo d'Arte galego?

¿E que xa se ten esquecido o do Museo?

Pobos, com'o da Cruña, que non terman dos seus intereses, merecen viviren no maior atraso.

A «Irmandade da Fala» está disposta a apoyare a cantos preocupense do recobro do vello edificio e da orgaización do Museo.

E se nengún toma a iniciativa, tomaraya ela. Comprindo un acordo da II Asambleia nacionalista.

Pol-a marcha de García Veleta, foi nomeado director do «Ideal Gallego», Xacobiño Varela, un dos partidarios «del regionalismo bien entendido», «del regionalismo sano» y «del regionalismo práctico».

E redactor-xefe do mesmo xornal, o pequeno Charlofé, cuio bó gusto acreditase co pseudónimo de «Bradomin de Bregoán». Un rexonalista de Cuenca.

Como se decatarán os nosos lectores veñen colaborando no noso boletín, dende fai tempo, os novos e brillantes poetas de Portugal:

Antonio Sardinha.

Novais Teixeira.

Soto de Oliveira.

Figueira Lopes.

Tamén temos mentes de publicar dibuxos dos mais intresantes artistas portugueses, enviados expresamente pra A NOSA TERRA.

Como poden ver os lectores de A NOSA TERRA, cada día vánse estreitando as relacións intelectuales entre Portugal e Galicia. Etnográficamente i-espiritualmente xa somos os mesmos.

A unión política pode sere axiña unha realidade.

No próisimo número escomenzaremos a publicar unha serie de intervius c'os mais intresantes artistas galegos, seguidas d'un comentario á sua vida i-á sua obra, feitas pol-o noso colaborador Correa-Calderón.

individuais e pra iso, poñámonos diante d'a Natureza e d'a realidade. Nada de copiar ornamentos gregos nin archivoltas oxivares; somente a Natureza. E por natureza non entendemos só a copia d'os elementos decorativos que dan as plantas e a figura, senón tamén o estudio d'as nosas necesidades, d'os nosos materiais, que pode sere a materia de chegar á creación d'un estilo. En ben sei que os novos tempos requiren novas construcións pois coma dixo Viollet-le-Duc: «os inxenheiros que fixeron as locomotoras non pensaron imitar as dilixencias»; mais eu non vexo d'o noso Arte vello. Eu non vexo mais que casas de boa pedra, traballadas pol-os mellores canteiros d'o mundo, postas en ringleira coma unha compartise co-a roupa que llemprestaron. A min fámeme choutar de carraxe iso andacio d'o chamado «chaleto», onde ven os nosos homes de diñeiro e... os nosos ministros. A tales casas tales homes! Parece mentira que ningún home xese aínda unha casa galega; mais o conto é que namentras en Baskonia e aínda en Santander rexurde a sua arquitectura, aquí que temos mil pazos de casas de campo, fanse somente, tartas de pedras, amánxos de cemento, grilleiras de ladrillo... E así viven os

— 15 —

en ferro, poñerá n'eles o sinal d'a sua personalidade. En troques, un plateiro moi xeitoso, ó imitar as máis pequeniñas follas d'o cárbel non será máis que un servil imitador, un traballador sen espírito».

D'artistas d'a cepa deste plateiro están inzadas as nosas cibdás.

N'as nosas cibdás galegas non se fai Arte: imítase o Arte d'outros pobos mellor dirixidos. Dá noxo fitar coma tendo nós un antigo estilo arquiteitónico nin soupemos rexuvenecer a tradición, nin soupemos seguila, nin, ó rifar con ela, puxemos un gran d'area n'a creación d'unha nova que sexa a expresión d'as ideas d'o noso século. Rifamos co-a tradición sen facer unha nova tradición, e aínda temos fachenda en sermos d'o século XX e ter unha cultura que, pol-o demais, tampouco é nosa. Sen o relixioso antusiasmo pol-a Natureza, sen o amor ó noso paisaxe, mal podíamos faguer «paisaxes arquiteitónicas». Pra Ruskín ningunha obra arquiteitónica é fermosa coma non pareceza sahir d'o chan e axeitarse á natureza onde s'erga; mais Ruskín aínda non chegou ó miolo d'os nosos homes d'a cibdá.

Ningún vai sere tan tolo que coide qu'os novos tempos non requieren novos sistemas d'estructura; eu penso con Fiorens-Gevaert que «debemos voltar ó instinto d'o neno, desenrolando as suas

— 14 —

emoções suxeridas»; pois, como sigue dicindo d'Udine: «o Arte debe sere unha imitación d'a Natureza; mais esa imitación debe sere a d'a actividade d'o home diante d'o fenómeno e non a imitación d'o fenómeno mesmo».

Moitas veces homes de bo gosto roubando anaquilo equi e anaquilo ala chegan a faguer ou arrombar un estilo que por sere fillo de moitos pais, perde cenos que non ten pai. Por iso complete d'oir que sendo o estilo a expresión d'a personalidade non son a mesma cousa, anque Buffon dixo que «o estilo é o home». A personalidade é cousa mais fonda que o estilo; a personalidade non se fai nin se arromba con anacos alieos; a personalidade nasce e medra n'o seu ambiente. Os galegos moi galegos, por sermos galegos nada mais, xa podemos ter personalidade e mellorala pol-a contemplación á cotío d'o paisaxe, na d'a raza, mestre d'os sentimentos. Te-mos un paisaxe noso? Pois logo podemos ter personalidade? O noso paisaxe é orixinal? Pois logo nós podemos ser orixinaes. Non hay mais que ter a «vontade de facer» («a voluptuosidade de traducir, valendonos d'un xeito de expresión, as nosas emocións suxeitas pol-o paisaxe. Alouminando afeito a nosa enxebreira, sen afocinar, laldamente diante d'as modas alieas, podemos chegar á conquistar un Arte noso, que sexa á carón d'os outros o

— 10 —

que o noso paisaxe é á carón d'os demais paisaxes d'o mundo.

Pol-a nogalla vergoñosa d'os ananuxos que dirixen pol-a forza ó pobo galego, tan enxebre, tan forte, tan vidente e tan artista, as nosas forzas morren com'os ríos n'o mar; mais a potencialidade d'a raza non debala e aínda podemos chegar ó curuto d'a sona, com' alá n'os nosos séculos de ouro, se voltamos os ollos ás nosas tradicións e poñemos o azo de sermos, n'un porvir aventureiro qu'erga labarada d'antusiasmo en todol-os corazóns artistas e bós. Afeté que o pobo galego había deixar a sua enxebreira e o pobo galego, mainamente, siguen gardando o tesouro folk-lórico d'a nosa terra pra qu'oxe ou mañán, homes voltos d'o erro noxento de coidárense cativos por seren enxebres, recollan anadas coa semente que souperon gardar coma ouro os nosos abós paisanos.

Dí Bernardo G. Barros: «A orixinalidade non é máis que unha sinceridade posta ó servicio d'un ollar individual. A miudo iste ollar é sinceridade d'un fato de homes; y-entón nasce a escola».

Pousade o entendimento enriba d'estas liñas alleas e dicideme se co-a sola vontade de querer voltar a sere fillos d'a terra non abrangueríamos o froito cobizado. Un ollar individual...! Nós témol-o xa; o que non temos é o desexo

— 11 —

ten que sere un home pra ter o «eu»
 é sere persoa. ! E hay tan poucas... !
 Pois ben; ise «eu» d'os homes que
 son persoa, n'Arte é o que se chama
 estilo. Unha chea de virtuosos din á
 colto: «o meu Arte tal», «o meu Arte
 tal», e traballo custa non chantarillas
 n'cara: pero... ? voscides ten persoa-
 lidade? Pois o primeiro de todo que
 debe ter un artista é personalidade.
 Di Le Dante: «Se nos podemos n'Arte
 terreo centífico abanzaríamos, sen di-
 bida ningunha, a dicir que a parte
 persoa que tena todo traballo de imi-
 tación é unha mostra de cativer». E
 nos n'Arte terreo centífico é certo canto
 di; mais se nos podemos n'Arte terreo
 que se busca é unha obra literal, o eco,
 o «eco» d'os ritmos naturais, a and-
 lisis d'estos; namentras que n'Arte
 caso xa non son ísos ritmos, por si
 mesmos, os que nos interesan, senón a
 emoción que nos deron, os ritmos per-
 soales que despertaron en nós. A Cen-
 cia traballa pol-a verdade; o Arte so-
 mente ten sede d'estilo. E xa sabemos
 que o estilo é a mais outa expresión
 d'a personalidade.
 Pra sere artista fai falla sere un
 vibrador pasivo, un resonador espontá-
 neo» e «admais sentir n'Arte a «vibra-
 ção de fazer, ou melhor ainda, a vo-
 luptuosidade de facer duradeiras as

d'a sinceridade e d'aquela seremos sem-
 pre unhas monas d'imitación.
 Non ten volta. Desviados d'a terra
 por non querer ser miñocas faguémo-
 nos monas, e ós nosos paisanos que te-
 ñen un arte seu, máis verdadeiro e
 máis outo, fitámoslos dende a nosa ma-
 ximada outura cultural sen reparar que
 illes viven e que teñen un Arte qu'è a
 «expressión d'o sentido d'a sua vida».
 Escoitade unhas verbas de Tolstoi:
 «Pódese dicir que houbo un Arte nazo-
 nal xudío, grego, exipcio, chino e in-
 dio. Tamen o houbo n'a Rusia até Pe-
 dro o Grande e n'o resto d'a Europa
 até o século XIII e XIV. Mais dende
 que a clás máis outa ficou sen fé nin-
 gunha, non houbo máis que dous Ar-
 tes: o d'o pobo e o d'a clás d'os homes
 escollidos. D'aquela non viveu a huma-
 nidade sen Arte n'os tempos novos, se-
 non que somente viviron sen Arte as
 xentes outas d'a nosa sociedade euro-
 pea e cristián».
 E ollemos coma Tolstoi alumea o no-
 so verdadeiro camiño. Nós tamén tive-
 mos o noso Arte denantes d'o século
 XIV, o Arte máis grande d'as terras
 d'España, c'unha subxetividade que
 nunca pudo conquistar o castelán, e
 c'un feitizo aloumiñante que somente
 podería ter as suas raíces n'a Proven-
 za. Dend'entón n'a nosa terra tamén
 temos dous artes: o d'o pobo aldeán
 e o d'os homes sabidos e lídos da cibdá.

mosos homes de diñeiro. Fan casas pra
 viviren dos cartos ganados ou herda-
 dos, n'os eidos que mais llacomodan;
 mais non sinten a necesidade d'a casa
 propia. Fan casas por vanidade, por
 orgullo; mais non teñen o sentimento
 d'o fogar propio, pois iste sentimento
 esta mantido pol-o cariño ós eidos e
 iste cariño abunda pra que o fogar d'un
 non sexa alleo ó paisaxe d'a terra onde
 queren os gorentar a vida e dispois
 morrer. ! Que por falla de cultura ar-
 tística se fan casas alleas pra fogares
 propios n'a terra propia! Pobres ho-
 mes ricos... !
 Non quero falar d'a obra destruc-
 ra d'os nosos cregos n'as írexas. Se as
 cousas non cambaen, axiña ficaremos
 sen o noso tesouro arqueolóxico, d'o
 que non restarán nin siquera fotogra-
 fias.
 Hai nos tan parvos que lle mandan
 dar unha man de cemento á sua casa
 de canteira pra imitar dispois cantei-
 ria, que ven a sere o mesmo que darlle
 purpurina ó verdadeiro ouro.
 ! Querdes unha proba fonda de que
 a clás de homes escollidos en Galicia
 non ten nin migalla de sentimento ar-
 tístico? Ahí tendes o monumento de
 Montero Rios n'a chamada Atenas de
 Galicia, e preto d'el o Pórtico d'a Glo-
 ria. N'a praza d'o Hospital, sonada
 no mundo enteiro, erguese a obra d'o
 mestre Mateos, pra lembranza d'os no-

N'as aldeas resoan os alalás saudosos
 namentras n'as vilas e cibdás fan fume
 n'os corazóns tocatas tan feiticieras
 com'aquela habanera d'un músico de
 Betanzos, que se chamaba: «Ay, que
 me se pierde el gusto».
 ? As cibdás galegas teñen algún arte?
 Pensando con Húchensón que dí que:
 «a beleza náda ten que ver co-a bonda-
 de e moitas veces é sua nemiga», pode-
 mos dicir que quizaves teña algún. Pen-
 sando con Tolstoi xa víchedes que non
 ten ningún.
 Deixándonos de funambulismos máis
 ou menos filosóficos e falando con sin-
 xeleza, imos a fitar a vida d'as xentes
 escollidas d'as cibdás galegas. Hai ho-
 mes que mercan libros que veñen de
 fora, hay homes que van ós concertos
 de boa música; ístes homes gorentan o
 Arte. Cinco, dez, vinte... homes en ca-
 da cibdá gorentan o Arte alleo; mais
 ningún fai Arte noso. N'as cibdás gale-
 gas non hay artistas. En troques, hai-
 nos en calquera currunchito aldeán, por-
 que os aldeáns teñen persoalidade.
 Dí Jean d'Udine: «Pídelle á un fe-
 rreiro d'aldea que che forxe un carabel
 pr'adornar, per exemplo, un petador
 d'a tua porta. Cicais o ferreiro non
 fará máis que unha imaxe moi basta
 d'a fina corola; mais se ten gosto e sen-
 timento d'as proporcions a sua obra
 non deixará de ser artística, pois ó es-
 coller os elementos floreaes pra imital-os



Cuadro de MANUEL ABELENDA

O DOUTOR NUNES, NOSO COLABORADOR

Un poeta do século XIV interpretado por outro do XIX

Entre os trovadores que subscreeven as varias composições poéticas contidas no «Cancioneiro da Vaticana» figura Pero Gonçalves Portocarreiro, que parece ter feito parte da aristocracia portuguesa do século XIV; afora outras, e'lhe atribuída a seguinte «canti-ga d'amigo, na qual êle nos apresenta unha donzela a quem ralam as saudades do namorado ausente, tirando lhe todo o gosto pelos passados enfeites e antiga garridice:

Par Deus, coitada, vivo,
pois non ven meu amigo;
pois non ven, que farei?
meus cabelos, con sirgo
eu non vos liarei.

Pois non ven de Castela,
non é viv'ai mesela
ou mi-o deten el-rei:
mías toucas da Estela,
eu non vos tragerei.

Pero leda, semelho,
non me sei dar conselho;
amigas, que farei?
en vós, ai meu espello,
eu nea (me) veerei.

Estas doás mui belas
ei mi-as deu, ai donzelas,
nor vo-lo negarei;
mias cintas das fivelas,
eu nor vos cingirei.

Esta poesia tão cheia de sentimento atraiu a atenção de João de Deus, o brilhante poeta do «Campo de Flores», que a glossou por forma muito fiel, conservando-lhe a sua antiga simplicidade e ternura de expressão e crismando-a com o tão adequado título de

DESALENTO

Trago uma scisma comigo:
Não torna a meu terno amigo! (2)
Triste de min, que farei!

(1) O texto tem «volas».

(2) Esta poesia apareceu pela primeira vez na publicação intitulada «Ribaltas e Gambiarras», que ha muito, segundo creio, deixou de aparecer; o seu autor inseriu-a depois no «Campo de Flores» com alguns leves retoques; assim aqui tinha primeiro escrito «caro»

Os poetas mais novos de Portugal

(Versos envidados espresamente
pra «A NOSA TERRA»)

Senhora dos meus cuidados..»

Senhora dos meus cuidados,
que cuidais minha tristeza...
-E já regra portuguesa
d'enfeitar namorados.

Por vossa graça e beleza,
Senhora de olhos velados,
porque os trazeis descuidados,
e cuidais minha tristeza?

Cuidou de Amor e morreu
certa princesa encantada
que depois subiu ao Céu;

E vós de Amor não cuidais...
porque me olhais descuidada
e mil cuidados me dais?

NOVAIS TEIXEIRA.

Cabelo, já te não ligo... (3)
 Nunca mais te ligarei! (3)
 Lá se finou em Castella...
 Vêde que desgraza aquela!
 Ou la'm'o detém el rei!
 Toucas da Serra da Estrella,
 Já nunca mais vos porei! (4)
 Se um ar alegre assemelho,
 Ai amigas, sêm conselho.
 Nem juizo, que farei!
 Já me não assomo ao espelho...
 Nem jamais me assomarei!
 Ricas prendas! Todas ellas
 Me deu elle; sim, donzellas,
 Que não vo-lo negarei!
 Ah meu cinto de fivelas,
 Nunca mais te cingirei (5).

J. J. NUNES
 CATEDRÁTICO DA UNIVERSIDADE
 DE LISBOA

PROPOSICION que ten aprobado a II Asamblea nazionalista

Fai algún tempo que teño publicado no xornal de Santiago de Compostela «El Eco», un feixe de artigos sobre cuestións filolóxicas. Viña eu sostendo n-eles que unha valdeira afirmazón que anda por ahí de que o galego é o castelao antigo non ten pes nin cabeza, pois somente pode sosterse que no castelao antigo hai moitas verbas galegas debidas á influencia que na idade meia exerceu o galego no castelao. Influencia que non foi só da métrica poética e das correntes literarias que deron espírito á literatura de Castela senón que do idioma, pola mesma razón que hoxe atópanse nos xornaes escritos en castelao e nos libros feitos no mesmo idioma, verbas francesas.

Pois ben; ¿pode ser unha conclusión de esta Asamblea a de dirixirse ós académicos da Española, fillos de Galicia, para que traballen para que nas edicións novas do Dicionario da lingua oficial se diga cales verbas son de orixe galego?

Un dos máis grandes escritores galegos, don Aurelio Ribalta, dirixiuse fai tempo á Academia Española pedíndolle que para que esta colectividade poidese explicarse algúns fenómenos filolóxicos do castelao adprendése galego e fixérao adprender nos centros que

(3) Idem «o». (4) Idem «as».

(5) Idem «vos». E'escusado advertir que seguí acima a lição dada pelo «Campo de Flores», edición de 1897.



Cuadro de ALVÁREZ DE SOTOMAYOR



Cuadro de ARTURO CERSA

dan ensiños relacionados ca cultura filolóxica. A petición de Ribalta hainha que repetir agora. E así: o Dicionario non diría «Fillo, lla. (Del latín filius, filia) m. y f. ant. Hijo». Non-o diría porque a verba antiga castelá non é «fillo» senón «fijo» como se pode ver nos vellos clásicos, mestres n-esto de saber como nos pasados séculos se falaba en Castela. Tampouco diría «Lungo, ga. (Del latín longus). Adj. ant. Largo» pois ese «lungo» non se atopa nos clásicos e en troques atópase luengo, que é a verba que se acorda co espírito do castelao e cas leises evolutivas do mesmo. Non é este momento de alongar o meu traballo. Moitos de vosoutros con-

cedes as razóns e as voces de que eu falei nos meus artigos de «El Eco de Santiago». Nas coleccións de éste pódense atopar quenés queiran conocer esta cuestión. O que eu quero é que no Dicionario oficial fágase á nosa terra a xusticia que merece. As voces «rua», «sorna», «chuvasco», «orballo», e «orballar», «lungo» e os seus compostos «alongar», «prolongar» e outros, son de orixe galego. E aínda convén que se vexa, como no Dicionario non figura «dongo», senón «lungo», e, sin embargo, os seus compostos non fan «alungar» nin «prolungar». Non é pois ese inexplicable «lungo» o que debe figurar no Dicionario, senón o «dongo» galego.

Tamén estaría moi ben que vos dirixíades ó Concello de Santiago de Compostela, para pedirlle que xa que a vella vila do apóstol, é a vila das ruas, non se ofenda o senso común con letreiros como os de «Calle de la rua del Villar», «Calle de la rua Nueva» y «Calle de la rua de San Pedro». Isto é unha redundancia. «Rua» quer decir «calle». Agora ben: como en Santiago todos din «a rua do Villar», «a rua Nova», «a rua Travesa», parés que o Concello que fixo pór esos letreiros non se atreveu a darlle as costas á verdade. Como ademais quería esquencerse da fala galega non atopou outra fórmula que de pór esa redundancia e decir «Calle de la rua de San Pedro», que tanto quere decir como «calle de la calle...» A verba rua está ademitida pola Academia da lingua castelá. No Dicionario díse: «Rúa». (Del lat. ruga, camino) f. Calle de un pueblo...» Polo tanto si se quere pór o letreiro en castelá hai que decir: «Calle del Villar», ou «Rua del Villar»; «Calle de San Pedro» ou «Rua de San Pedro»; «Calle Travesa» ou «Rua Travesa».

E máis nada. ¡Terra a nosa!
 JAVIER MONTERO.
 Madri, 1 do mes dos Santos.

O día da revolta, ou denantes, si posibre fora conquerilo dos poderes públicos, debería ordenarse:

Primeiro: Que todo cidadán teña o debere de servir a pátria politicamente cinco anos, si fose elixido polo pobo.

Segundo: Tod cidadán que serviu á pátria cinco anos politicamente non poderá voltár ó exercicio de ningún cargo político.

Isto, teño pra min que acabaría c'o caciquismo.


O mundo material vai pra vello, mais o mundo espiritual vái pra novo, e hai que darlle, á vida nova, dos novo ideás.

Denantes, a vida era levadeira, e o esforzo pequeno era d'abondo; mais agora a vida é dura, e hái que desengadelala a marteladas de saber, de loita, e de traballo.

Abalemos todos á unha, polo camiño novo, da nova vida.

JOSE PALACIOS.

O DIPUZADO POR VEIRAMAR
 NOVELA DE GONZALO LÓPEZ ABENTE



Esta interesante e modernísima novela en idioma galego, está posta a venda nas principais librería de Galicia.

PRECIO 3 REAS

Compendio de Gramática Gallega

PRECIO 2 REAS

VÉNDENSE:

- | | | |
|---------------|---|-------------------|
| Na Cruña | } Administración «A NOSA TERRA»
} IRMANDADE DA FALA. | } Maria Pilo, 77. |
| Ferrol. . . . | | |
| Lugo | Id. id. Gerardo Castro. | |
| | Id. id. Viuda de Alonso. | |
| Santiago. . | Id. id. Angel Porto. | |
| | Id. Editorial «Eco de Santiago». | |
| Orense . . . | Id. id. Viuda Pérez Resvié. | |
| Monforte. . | Id. Antonio Fernández Piñeiro. | |

CAMIÑOS NOVOS

Faigamos ideias forza

O idealismo hai que levalo por un sentido práctico, como a eletricidá hai que levala polo fío pra facer bo dela.

Debocar, verter ideias, e dempois convertilas en «ideias forza».

Si supoñemos que unha ideia é un misto ardendo, si non se fai nada por éle, consumirásse ó fin; mais si lle poñen achas por riba, o lume crescerá, e cantas mais achas mais fogo. Esa é a «ideia forza», e iso é o que nós precisamos.

¿Que importan as idéias por brillantes qu'elas sexan, si morren co vento que as trái e que as leva?

A ideia rexonalista ca ideia nazonalista; ahí están dúas grandes idéias, mais ¿qué sentido práctico se lles déu?

¿En donde está o camiño por onde s'ha ire? Eu non'o vexo, e quixera abalar por ele.

¿Qué hái que facer entón? ¿Abrir camiño? pois pra iso non hái mais que estumballar o tangarelo políteco, ou polo orden, ou pola revolución.

Polo orden, con eleucióis e demais formas chamadas legales, non se fai nada; ese camiño está moi trillado, firímonos nele, e ó fin de contás nada queda mais que o sangue das feridas.

Faise cárrago de toda
cras de traballos gra-
ficos, en imprenta, lito-
grafía e fotograbado,
así coma sellos de
caucho

A Papeleira Galega



"PATENTE-SALVAVIDAS,"

O millor pra pintar os
fondos dos barcos. Ga-
nou Dioroma de Hono-
re, Gran premio e me-
dalla d'ouro nas Expo-
sicións de París
e Londres.

- REPRESENTANTE:

F. Bertran y Mirambell ^{Vigo} _{Coruña}



COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Salida do porto da Cruña para Bahía, Rio de Xaneiro, Santos,
Montevideo e Bos-Aires

O día 2 de Novembro de 1919, aproximadamente e salvo continxencias, sairá do porto
da CRUÑA o paquebot correo francés


— SAMARA —

Ademite pasaxeiros de primeira, segunda, segunda intermedia e terceira crase.

Prezo do pasaxe en terceira crase ao Brasil, Montevideo e Bos Aires Pesetas 384'60

Para mais informes dirixirse aos seus consignatarios:

Sres. OYA GILARD e COMPANIA, (S. en C), Praza d'Ourense 2 B e Feixóo, 2.—A CRUNA



Compañía Chargeur Reunis

Pra os portos de MONTEVIDEO e BOS-AIRES, sairá da
CRUÑA sobor do 9 d'Outono, o lixeiro e magnífico vapor

— TROUDE —

Admite pasaxeiros de 1.^a e 2.^a crase e 2.^a económica.

Prezo do boleto de TERCEIRA crase Pesetas 354'60

» medio boleto » » » 189'60

Nenos mais novos de dous anos, un gratis por familia.

De dous a 10 anos, pagan medio pasaxe. Maiores de 10 anos, pasaxe enteiro.

NOTA INTERESANTE.—As mulleres que leven nenos que non chegan aos 10 anos, chamadas pol-os seus maridos, non poder
embarcaren pra BOS-AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION
de BOS-AIRES, permitíndolles o desembarcaren na REPUBLICA ARXENTINA. Non teñen valor algun, as cartas de chamada, autori-
zacións, nin poderes dados ante os Consules hespañoles.

As mulleres que se atopan n'estas condicións e non presentan NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar.
Tamen teñen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS de 60 ANOS e non vaian acompañados da sua
familia.

O día fixo da saída anunciaráse con oportunidade.

Os pasaxeiros teñen de presentarse n'esta Agencia o día 5 d'Outono pol-a mañán,

Pra informes dirixirse aos Agentes Xeneraes en Hespaña,

ANTONIO CONDE (Fillos).—PRAZA d'OURENSE, 2—A CRUÑA

LA PROVEEDORA GALLEGA

DE


Xuan Vázquez Pereiro

A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rua estreita de San Andrés.--A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todo'os días unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta estades ledos e traballades sin sentir o mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Por qué é isto? porque os chocolates que fai ista casa, fanse cós millores productos i-a limpeza mais eisquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDESIVOS



GRANDES TALLERES

DE LAVADO E PRANCHADO
DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centraes:

A Cruña: Cantón Pequeno, 12
Vigo: Praza da Constituzón, 12

Sucursaes na Cruña:

Estreita de San Andrés, 12
Praza de Azcárraga, 4
Sad Agustín, 22

Sucursal en Vigo:

Circo, núm. 5

Total-as nosas sucursaes ostentan un letreiro como sinal, qu' é reprodución da marca de garantía eiqui estampada.

Recíbense encargos de fora, y-espidense por meo das nosas sucursaes.

Si no lugar o-de vostede reside non-a hay, sírvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encargos.

Os viños e coñás millores

son os queisporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouh mais selecto

de mundial e reconecido sona é o ZINZANO (Torino),

Pra viños de mesa

non hay outros com'os dos cosecheiros eisportadores Señores R. LOPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

Representante eisclusivo (matriculado) de todas istas marcas:

JOSÉ C. JUNCOSA

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A Cruña


EL NOROESTE

XORNAL DA CRUÑA

O millor informado da rexión galega

Longas conferencias pol-as Axencias

FABRA e RADIO (ultramoderna)



LLOYD REAL HOLANDES

AMSTERDAM

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina pol-os acretados vapores-correios.

GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA

Saidas fixas-regulars da Cruña e Vigo, adimitindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, 2.ª intermedia e 3.ª clás

Pra informes respecto a datas de saidas e prezos de pasaxes dirixirse ó Axeute xeneral da Compañía en España

D. Raimundo Molina e Couceiro

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO

EFFECTOS NAVALES

— DE —

FERRER Y COMPAÑIA—SUCESORES

F. BERTRAN e MIRAMBELL

Vigo e A Cruña

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores

GRAN FONDA

Las Cuatro Naciones

San Andrés, 102—A CRUÑA

O novo dono dista fonda, no seu deseio de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xantase ben, e os precios están ó alcance de todos.

LA MODERNISTA

GRAN SALÓN DE BARBERÍA

— DE —

RAMOS E ACEA

San Andrés, 94-1.º—A CRUÑA

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos higiénicos. Especialidade en lavados de cabeza, locios e friciós de todas clases.

Nota: N'este estabrecimento atopará o público un servico permanente a cárego dos seus propietarios, antigos dependentes das mais importantes peluquerías desta capital.

**LA SALUD
CASA DE BAÑOS**

A MILLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

Abonos Químicos Mineraes

Cementos, Sulfato de cobre, Azufres,

Calo Bortalés ROUCH

Rexenerador ROSTTAM pra os animais debles; pra que as galiñas poñan mais hovos, etcétera.

Pídanse prezos e condizós a

Fernández, Fano y C.ª—A CRUÑA

Materiales de Construcción

CEMENTO ASLAND

MADEIRAS—CARBÓN

Centro Xeneral de Seguros

Ignacio Pedregal

NA CRUÑA

Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO

O MAIS NOVO E MILLOB

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

**Frábica Mecánica
::: de Calzado :::**

— DE —

ANXEL SENRA

RUA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

Hotel Continental

CASTELAR, 8 e OLMOS, 28

O MELLOR SESVIDO

— DE —

M. Losada Prado

A CRUÑA

FARMACIA EUROPEA

— DE —

LOPEZ ABENTE

REAL, 55

A millor surtida da Cruña e un dos estabrecimentos da sua crase que mais honran a Galicia. Montada con arreglo ós derradeiros adiantos.

COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios directos dende o porto da Cruña

O 31 d'Outono aprosimadamente e salvo continxencias, sairá para a

Habana e Veracruz o rápido paquete correo



Prezos do pasaxe (incruído-os impostos)

	Habana	Veracruz
Ponte paseo:		
Camarotes de luxo.	Ptas. 2.053'75	2.138'75
Id. exteriores.	» 1.668'75	1.753'75
Pri meira crase. } Ponte superior:		
	» 1.498'75	1.593'75
	» 1.293'75	1.378'75
	» 1.293'75	1.378'75
	» 1.293'75	1.378'75
Segunda crase.	» 1.103'75	1.088'75
Preferencia.	» 808'60	798'60
TERCEIRA CRASE.	» 328'60	343'60

O día fixo de saída anunciaráse oportunamente. O pasaxeiro que desexe embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza. Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía. Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consinatario

D. NICANDRO FARIÑA—Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo